

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2024.**

Ás 10.00 horas do día 23 de febreiro de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luis Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Matín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto oitavo da orde do día e non regresou.

Antes de entrar a debater os asuntos incluídos na orde do día a Corporación, co consenso de todos os grupos políticos, garda un minuto de silencio polas vítimas do incendio ocorrido no día de onte en Valencia.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 26 de xaneiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA CORRECCIÓN DE ERRO NO PUNTO 8º DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO QUE TIVO LUGAR O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2023.

O Sr. secretario explica que na acta da sesión ordinaria do Pleno que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 cometeuse un erro no parágrafo 2º do acordo do punto 8º da orde do día relativo á moción do Grupo Socialista para garantir o mantemento e reforzo do servizo público de recollida do lixo prestado pola Deputación de Ourense nos municipios da provincia. Polo exposto, e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do

procedemento administrativo común das administracións públicas, que literalmente di “2. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, procede o seguinte: Corrixir o parágrafo 2º do acordo do punto 8º da orde do día relativo á moción do Grupo Socialista para garantir o mantemento e reforzo do servizo público de recollida do lixo prestado pola Deputación de Ourense nos municipios da provincia, no seguinte senso: Onde di: “2. Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos, a súa privatización ou externalización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza”. Debe dicir: “2. *Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos a través da súa privatización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza*”.

A Corporación queda informada.

3º.- TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DON ANTONIO FERNÁNDEZ MARTÍN.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputado provincial de don Armando Ojea Bouzo (do grupo de Democracia Ourensana), de cuxa renuncia se deu conta ao Pleno na sesión do 26 de xaneiro de 2024, solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle correspondese substituílo. A dita Xunta Electoral emitiu a credencial a favor de don Antonio Fernández Martín, quen presentou no rexistro correspondente, o 6 de febreiro de 2024, as declaracións de bens e de intereses pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión, a cal debe efectuarse segundo a fórmula establecida no RD 707/1979, do 5 de abril, prestando xuramento ou promesa.

O Sr. presidente convida ao deputado provincial electo, don Antonio Fernández Martín, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

D. Antonio Fernández Martín toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *xuro, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.*

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa ao Sr. Fernández Martín, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. O Sr. Fernández Martín incorpórase ao seu escano no grupo de Democracia Ourensana.

4º.- TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DON EMILIO LUÍS DÍAZ VIDAL.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputado provincial de don José Ignacio Gómez Pérez (do Grupo Socialista), de cuxa renuncia se deu conta ao Pleno na sesión do 26 de xaneiro de 2024, solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle correspondese substituílo. A dita Xunta Electoral emitiu a credencial a favor de don Emilio Luís Díaz Vidal, quen presentou no rexistro correspondente, o 5 de febreiro de 2024, as declaracións de bens e de intereses pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión, a cal debe efectuarse segundo a fórmula establecida no RD 707/1979, do 5 de abril, prestando xuramento ou promesa.

O Sr. presidente convida ao deputado provincial electo, don Emilio Luís Díaz Vidal, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

D. Emilio Luís Díaz Vidal toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.*

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa ao Sr. Díaz Vidal, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. O Sr. Díaz Vidal incorpórase ao seu escano no Grupo Socialista.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2024 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.-

Co acordo unánime de todos os membros da Corporación, aprobouse a seguinte declaración institucional:

A Deputación Provincial de Ourense conmemora este 8 de marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local. Dende cada un dos trescentos trece concellos galegos asúmese a necesidade de avanzar cara unha representación paritaria de mulleres e homes nesas

corporacións locais. Nesa liña, estanse a dar pasos moi importantes, pero aínda non suficientes, como é ter pasado nestes últimos vinte anos de dezaioito alcaldesas no ano 2003 a sesenta e nove alcaldesas no ano 2023, o que supón un 22% dos concellos galegos. No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40%. E nas deputacións provinciais o 36 % son deputadas fronte o 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Estas cifras reflicten que as mulleres seguen estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local. As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política nos concellos e nas deputacións, espazos políticos aínda moi masculinizados, como tamén sucede na participación social local. Aínda así, en ambos casos se están dando importantes avances nos liderados femininos tanto no número de alcaldesas, concelleiras e deputadas provinciais, como nas asociacións veciñais, de nais e pais, de organizacións ecoloxistas e culturais. Dende os concellos galegos recoñécense estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que os concellos galegos sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade; abordando tanto as barreiras estruturais como as actitudes e percepcións que perpetúan a discriminación, e garantindo que todas as persoas accedan as mesmas oportunidades. Neste período ata as próximas eleccións municipais teñen que seguir dándose pasos cara a igualdade, polo que esta Deputación, en representación dos concellos da provincia, se compromete a:

- ☐ Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade na corporación e nas alcaldías.
- ☐ Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.
- ☐ Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais. ☐ Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

5º.- RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS AO 31-12-2023.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza respondendo ás preguntas que lle foron formuladas na comisión informativa polo grupo provincial socialista. Respecto ás accións de MEISA, indica que se fixeron dous desembolsos pola Deputación, e esa é a razón pola que aparecen en dous conceptos, e que o seu valor do inventario é o que corresponde co valor de mercado. Sobre o Centro de Equitación de Vilamarín, sinala que na ficha do ben xa aparece recollido o novo contratista resultante da adxudicación do contrato no ano 2022. A continuación sinala que todas as máquinas e aparellos están inventariados e contan coa súa ficha no programa do inventario. Por último, respecto aos animais da rede provincial de canceiras sinala que cos animais recollidos en cada un dos centros se segue un protocolo de adopción que aparece recollido no informe realizado polo responsable da canceira, do que informa que se trasladará unha copia a todos os grupos políticos da Corporación Provincial.

Bernardo Varela López, do BNG, indica que estamos ante un documento técnico aprobado o ano pasado e que levaba moitos anos sen actualizarse, e que apoiarán a proposta da Presidencia.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, manifesta que unha vez contestadas as dúbidas formuladas polo seu grupo tamén apoiarán a aprobación deste instrumento de xestión patrimonial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a actualización e rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Ourense, coas baixas e altas que figuran no expediente administrativo electrónico de referencia, constituíndose o devandito inventario, resumido por epígrafes, ao 31 de decembro de 2023, da maneira seguinte:

EPÍGRAFE	TIPO	NÚMERO DE BENS	VALOR REAL EN EUROS
1º	INMOBLES	762	

1.1	- Fincas urbanas	86	85.308.238,51 €
1.2	- Fincas rústicas	388	146.546.498,24 €
1.3	- Viarios	288	1.583.587.034,50 €
2º	DEREITOS REAIS	-	-
3º	HISTÓRICO ARTÍSTICO	1764	5.387.803,19 €
4º	VALORES MOBILIARIOS	8	22.697.726,03 €
5º	VEHÍCULOS	315	7.472.356,70 €
6º	SEMOVENTES	5	65.020,00 €
7º	MOBLES COMPRENDIDOS ANTERIORES ENUNCIADOS	40.230	18.850.309,24 €
8º	BENS E DEREITOS REVERTIBLES	44	-
VALOR TOTAL INVENTARIO A 31.12.2023:			1.869.914.986,41 €

O importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 31 de decembro de 2023 ascende a mil oitocentos sesenta e nove millóns novecientos catorce mil novecientos oitenta e seis euros con corenta e un céntimos (1.869.914.986,41 €).

SEGUNDO: Que se remita a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, a data 31 de decembro de 2023, á Administración do Estado e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en cumprimento do preceptuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar a información debidamente actualizada no portal de transparencia provincial aos efectos de dar cumprimento á normativa aplicable.

6º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá conta do contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, fai uso da palabra para apuntar que se trasladou o borrador desta modificación do regulamento orgánico a todos os grupos provinciais no mes de decembro de 2023, e engade que estamos ante unha proposta de aprobación inicial que logo será sometida a un trámite de información pública.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, intervén para indicar que o seu grupo se vai abster nesta votación, se ben entende que habería que mudar algún aspecto para que os plenos non sexan tan aburridos e sexan máis activos.

Intervención do Sr. presidente para lembrar que este punto precisa para a súa aprobación a maioría absoluta, sen prexuízo de que se poidan presentar e aceptar alegacións no trámite de información pública.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, anuncia que o seu grupo vai votar a favor, sen prexuízo de presentar algunha alegación no relativo á formulación e tramitación de emendas ás iniciativas políticas ou mocións dos grupos. Respecto á regulación das sesións telemáticas e do voto a distancia manifesta a conformidade do seu grupo.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, manifesta que van facilitar esta aprobación inicial, pero tamén presentarán algunha alegación no relativo ás emendas ás iniciativas políticas ou mocións dos grupos.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, intervén para agradecer a postura dos grupos e agarda que o regulamento se aprobe co acordo de toda a Corporación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) e a abstención de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense, coa redacción que se transcribe:

Título I. Normas xerais

Artigo 1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente Regulamento orgánico o desenvolvemento normativo da organización e funcionamento dos órganos políticos da Deputación Provincial de Ourense e do estatuto dos seus membros, exclusivamente naqueles aspectos non regulados, ou regulados parcialmente, pola lexislación básica de réxime local e pola lexislación complementaria da Comunidade Autónoma de Galicia, todo iso en virtude da potestade de autoorganización legalmente atribuída.

Artigo 2.- Da organización xeral da Deputación Provincial de Ourense.

1. A Deputación Provincial de Ourense é a organización política á que lle corresponde o goberno e administración da provincia de Ourense, en tanto que colectividade dotada de autonomía para a xestión dos seus propios intereses, exercendo as competencias atribuídas pola lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

2. A Deputación Provincial está integrada por órganos de carácter necesario e órganos de carácter potestativo.

Son órganos necesarios os seguintes:

- a) O Pleno da Deputación.
- b) A Presidencia da Deputación.
- c) As comisións informativas.
- d) A Xunta de Portavoces.
- e) A Xunta de Goberno.

Son órganos de carácter potestativo, que poderán existir ou non, segundo acorde o órgano competente en cada caso, os seguintes:

- a) As vicepresidencias.
- b) Os deputados – delegados.
- c) Os consellos sectoriais.

Artigo 3.- Réxime xeral.

Os órganos provinciais axustarán o seu funcionamento ao principio de legalidade, con submisión plena ao Dereito, servindo aos intereses públicos con obxectividade, eficacia e eficiencia. O seu réxime de organización e funcionamento está determinado pola lexislación estatal e autonómica de réxime local que lles sexa de aplicación, e polas normas especiais establecidas no presente Regulamento orgánico.

O réxime específico dos órganos non obrigatorios será o determinado pola lexislación de réxime local e polo órgano provincial que acorde a súa creación.

Título II. Normas especiais aplicables aos órganos provinciais previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 4.- Normas especiais de organización e funcionamento do Pleno.

Establécense as seguintes regras especiais de funcionamento do Pleno:

a) Normas sobre a formación da orde do día das sesións plenarias.

A orde do día das sesións plenarias ordinarias diferenciará a parte resolutiva da parte de control, incluíndose nesta última a formulación de mocións non resolutivas ou iniciativas políticas dos grupos, así como a dación de conta das resolucións dos órganos unipersoais, e a formulación de rogos e preguntas.

Na parte de control, e previo ditame da comisión informativa competente, trátaranse as mocións ou iniciativas políticas dos diferentes grupos provinciais, os cales poderán presentar ata dúas (2) para cada sesión plenaria ordinaria, no caso de ter máis de cinco (5) deputados/as, e unha (1) no caso de ter cinco ou menos de cinco (5) deputados/as. Pola súa natureza, as mocións non resolutivas ou iniciativas políticas non teñen carácter vinculante para os órganos administrativos competentes, sen prexuízo da súa compoñente política.

b) Normas sobre remisión de información dos asuntos da orde do día aos deputados/as provinciais.

Os expedientes íntegros dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria de cada Pleno estarán a disposición dos deputados e deputadas na Secretaría Xeral da Deputación dende o momento da convocatoria. O persoal ao servizo dos grupos políticos terá tamén dereito de acceso a esta documentación.

Sen prexuízo do anterior, á convocatoria, que se remitirá por medios electrónicos, acompañarase, mediante correo electrónico que se enviará a cada deputado/a provincial, unha ficha-resumo dos expedientes electrónicos incluídos na orde do día, integrado polos documentos electrónicos máis relevantes deles (incluíndo, en todo caso as propostas e os informes técnicos e xurídicos de carácter preceptivo).

c) Normas sobre ordenación dos debates:

Os debates serán moderados pola Presidencia, conforme coas normas xerais establecidas na lexislación de réxime local vixente, aplicándose ademais as seguintes regras:

- Cada grupo político terá dereito a unha primeira intervención, por un tempo máximo de oito (8) minutos, e unha segunda, de catro (4) minutos. Non obstante, no debate dos orzamentos

xerais da Deputación Provincial, os tempos de intervención na primeira quenda serán de quince (15) minutos e de oito (8) minutos na segunda en ambos os dous casos como máximo. A Presidencia poderá, por propia iniciativa ou a pedimento dalgún grupo, ampliar a duración das intervencións naqueles asuntos cuxa especial complexidade ou transcendencia así o requira.

- O portavoz do grupo autor da proposta poderá realizar unha intervención de peche, por tempo máximo de dous (2) minutos, co obxecto de resumir o seu contido e a súa posición tras o debate. No suposto de asuntos propostos pola Presidencia, este dereito corresponderalle á Presidencia.

- A Presidencia poderá conceder quendas de intervención excepcionais por alusións cando no debate dos asuntos se aluda á xestión, actuación ou declaracións dalgún deputado ou deputada, polo tempo imprescindible para dar resposta á alusión realizada e, se é o caso, defender a xestión realizada. Este mesmo dereito corresponderalle á propia Presidencia cando sexa aludida no debate. Non se dará ningunha quenda de contrarréplica fronte ás intervencións por alusións, agás cando excepcionalmente o autorice a Presidencia.

Os deputados que formulasen un voto particular ao ditame da comisión ou que exercesen o seu dereito de voto en sentido diferente ao do resto de deputados do seu grupo político, poderán empregar unha breve quenda de explicación do seu sentido do voto, cun tempo máximo de dous minutos.

- O tempo de intervención dos deputados/as non adscritos/as será a metade do establecido para os grupos políticos nas diferentes quendas de intervención. No caso de que existan varios membros non adscritos, o tempo de intervención previsto repartirase entre todos eles.

- Nos plenos, a orde de intervención comezará polos deputados/as non adscritos e a continuación intervirán os grupos políticos de menor a maior representatividade, sen prexuízo de que nos supostos en que se traten mocións ou propostas formuladas por un grupo, este interveña en primeiro lugar.

- Nas propostas da Presidencia, esta poderá pechar os debates cunha breve intervención.

- No punto dedicado a rogos e preguntas, trátaranse en primeiro lugar as que fosen formuladas por escrito, seguindo a súa orde de presentación no Rexistro Xeral da Deputación Provincial. Posteriormente procederase a tratar os rogos e preguntas que se formulen oralmente na propia sesión.

d) Normas sobre a formulación e votación de emendas:

Calquera deputado poderá formular emendas aos ditames, proposicións ou mocións sometidos á consideración do Pleno. Estas emendas deberán formularse por escrito e ser presentadas antes do inicio da deliberación do asunto á Presidencia, que llas distribuirá aos grupos políticos, e, en todo caso, deben conter con precisión o texto da modificación da proposta de acordo que se pretende.

As emendas serán debatidas polos grupos políticos conxuntamente co asunto ao que se refiran, e votaranse previamente á votación da proposta que constitúe o seu obxecto.

Non obstante o anterior, a Presidencia e os portavoces dos grupos poderán formular oralmente emendas aos asuntos durante o debate e antes da súa votación. A votación destas emendas in voce quedará suxeita á condición de que o deputado autor da proposta de acordo así o autorice expresamente.

Será de Supresión a emenda que se limite a eliminar algún ou algúns dos puntos do texto da proposta de acordo ou da moción respectiva. Este tipo de emendas votaranse en primeiro lugar.

Será de Modificación a emenda que transforme, altere ou propoña unha solución alternativa ao contido da proposta de acordo ou da iniciativa respectiva. Este tipo de emendas votaranse en segundo lugar.

Será de Adición a emenda que, respectando integramente o texto da proposta de acordo ou da moción respectiva, tenda exclusivamente á súa ampliación. Este tipo de emendas votaranse en terceiro lugar.

Será Transaccional a emenda que tenda a alcanzar un acordo por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto orixinal da proposta, ditame ou moción á que se refire.

Non se admitirán emendas ás propostas, proposicións ou mocións que alteren substancialmente o contido da proposta de acordo daquelas, ou lles fagan perder a finalidade con que foron presentadas, entendéndose que gardan relación aquelas solucións alternativas que se propoñan ao proxecto de acordo, a condición de que manteñan un vínculo claro co asunto obxecto da iniciativa.

e) Normas sobre a votación de asuntos:

As propostas de acordo serán obxecto dunha votación única. Só por acordo unánime entre os grupos políticos poderán votarse de xeito separado os diferentes puntos ou elementos dunha proposta de acordo.

f) Normas sobre as actas dos órganos de goberno provinciais:

De acordo coa normativa aplicable, as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno adoptarán o sistema de videoacta, e constarán en documentos asinados electronicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presidencia do órgano colexiado de goberno ou persoa que a substitúa ou en quen delegue.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando o arquivo audiovisual das sesións.

O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación acreditativa da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregaran como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións. A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un documento electrónico e multimedia que conteña como mínimo:

- a) A consignación expresa dos seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vocais e demais) e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
- b) A gravación da sesión, contendo un arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.
- c) Firma electrónica: a firma electrónica da persoa que ostenta a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerza a presidencia.

Unha vez aprobadas, as actas do Pleno serán obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación. Publicaranse tamén os borradores das actas, a partir do momento en que estean elaborados, advertindo expresamente da súa condición de meros borradores.

Ademais do pleno e da xunta de goberno, o sistema de videoacta poderá ser empregado en todas as reunións dos diferentes órganos colexiados da Deputación.

En casos de imposibilidade técnica que impidan empregar o sistema de videoacta e incorporar o arquivo de audio e vídeo, o contido mínimo das actas deberá incluír: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vocais e demais) e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, e opinións sintetizadas dos membros que interviñesen nas deliberacións, así como a expresión do sentido do voto dos membros e firma electrónica.

g) Normas sobre acceso do público ás sesións plenarias:

O aforo máximo actual na zona de público establécese en corenta e cinco persoas.

Coa finalidade de garantir o normal funcionamento das sesións plenarias, a distribución das prazas para reservar seguirá os seguintes criterios:

- Dez prazas serán de libre acceso ao público, asignándose por orde de presentación da solicitude, realizada por vía telemática ou a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense, debendo presentarse a solicitude cando menos vinte e catro horas antes da celebración da sesión para a que se solicita.
- Dúas prazas a disposición da Presidencia para invitacións institucionais.
- Tres prazas a disposición do Pleno, para persoal ao seu servizo ou por necesidades no seu desenvolvemento.
- Trinta prazas a disposición dos diferentes grupos políticos, distribuídas proporcionalmente de acordo co seu grao de representación institucional.

De non cubrirse a totalidade das prazas reservadas, e existindo solicitudes sen poder ser atendidas, procederase a atendelas por rigorosa orde de presentación no Rexistro Xeral.

A reserva de prazas para os grupos políticos deberá realizarse por vía telemática, a través do Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Ourense, cunha antelación mínima de vinte e catro horas respecto da sesión plenaria.

h) Normas de cortesía no desenvolvemento da sesión:

1.- As persoas do público que asistan ás sesións do Pleno deberán:

- a) Gardar silencio.
- b) Absterse de realizar manifestacións de aprobación ou desaprobación, perturbar a orde ou faltar á debida compostura.
- c) Comunicarse no salón de Plenos con ningún deputado ou deputada.
- d) Os invitados deben absterse de portar pancartas, estandartes ou emblemas que non respecten o establecido no apartado b).

2.- Cada grupo político informará aos seus invitados respecto á orde dentro do salón de plenos e farase responsable do cumprimento do apartado anterior por parte dos seus invitados, así como de calquera comportamento que puidera resultar inadecuado por parte destes.

3.- O presidente tomará as medidas necesarias respecto das persoas do público que perturben o normal funcionamento da sesión, podendo, ademais, decretar a súa expulsión no acto.

4.- En sesións especiais ou extraordinarias, o número de invitacións pode verse reducido por necesidades de espazo para a atención de compromisos protocolarios, o que será anunciado con antelación suficiente pola Presidencia.

h) Normas sobre participación da veciñanza no Pleno:

Nos plenos de carácter ordinario, unha vez concluída a sesión, o Presidente pode establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público existente sobre temas concretos de interese provincial, tras a solicitude previa dos interesados formulada nos termos sinalados nos parágrafos seguintes.

O número total máximo de rogos e preguntas que se admitirá en cada sesión será de cinco.

As persoas que desexen intervir na quenda, deberán solicitarllo por escrito ao Presidente con cinco días hábiles de antelación á celebración da sesión do pleno correspondente, expresando na solicitude o rogo ou pregunta que desexan formular.

O rogo ou pregunta debe ter sempre por obxecto directo unha cuestión relativa ás competencias da Deputación Provincial, e deberá formularse con brevidade, concisión e claridade.

Concluído o prazo de presentación de peticións para cada sesión ordinaria, a Presidencia ditará resolución, que se lles notificará aos interesados, na que se declarará a admisión ou non dos rogos e preguntas formulados. A non admisión poderá acordarse nos supostos nos que o rogo ou pregunta carezan de concreción ou non teñan relación directa cun asunto de competencia provincial.

Os rogos e preguntas deberán ser formulados ante o pleno con brevidade, axustándose ao solicitado previamente por escrito. En ningún caso se poderá suscitar debate ao respecto nin á intervención dos diferentes grupos políticos, limitándose o seu tratamento á súa formulación e á resposta da Presidencia.

O contido destas intervencións reflectirase mediante dilixencia na acta da sesión.

Artigo 5.- Normas especiais sobre funcionamento da Xunta de Goberno.

Das convocatorias da Xunta de Goberno daráselles traslado a todos os grupos políticos da Corporación, incluíndo copia das propostas de acordo que integran a orde do día. A remisión da información realizarase mediante correo electrónico ordinario e/ou a través do xestor de expedientes corporativo.

Unha vez aprobadas, as actas da Xunta de Goberno serán obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación. Publicaranse tamén os borradores das actas, a partir do momento en que estean elaborados, advertindo expresamente da súa condición de meros borradores.

Artigo 6.- Normas especiais das comisións informativas.

1. Mediante acordo do Pleno, poderá establecerse o funcionamento das comisións informativas en réxime de voto ponderado. Na súa virtude, as comisións informativas pasarán a estar integradas por un representante de cada grupo, ademais de pola Presidencia e, se é o caso, polos deputados non adscritos, asignándose a cada un deles un número de votos que garanta o mantemento na súa composición da proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos no Pleno, tendo en conta, se é o caso, a existencia dos deputados non adscritos.
2. Poderán constituírse comisións informativas especiais para o estudo de asuntos de carácter determinado. No suposto de tratarse de comisións de investigación, os empregados ao servizo da Deputación Provincial e das súas entidades dependentes, así como os representantes das empresas concesionarias de servizos públicos, estarán obrigados a comparecer ante estas comisións co obxecto de prestar declaración sobre o asunto de que se trate.
3. Nas reunións das comisións informativas será de aplicación o sistema de videoacta regulado no artigo 4 f) do presente regulamento.

Artigo 7.- Normas sobre convocatoria e celebración de sesións de órganos Colexiados por medios electrónicos.

1. De conformidade co disposto no artigo 4 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense, as persoas físicas que ocupen os cargos de deputado ou deputada provincial, así como todas as persoas físicas que sexan membros de órganos de goberno Colexiados da Deputación de Ourense e dos seus entes dependentes e adscritos, terán o deber de relacionarse coa Deputación Provincial de Ourense por medios electrónicos consonte co previsto no artigo 14.2 da LPAC e no artigo 3 do RD 203/2021.
2. Consonte co previsto no artigo 46.3 da Lei de bases de réxime local, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos Colexiados da Deputación, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita pola Presidencia ou quen validamente lle substitúa para o

efecto da convocatoria, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade.

3. Exclúese da posibilidade de celebración por medios electrónicos e da posibilidade de empregar o sistema de voto a distancia previsto no artigo 8 deste regulamento, o Pleno de constitución da Corporación Provincial, a elección do seu presidente/a, e as sesións plenarias nas que se traten a moción de censura e a cuestión de confianza.

4. Poderá constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos a Xunta de Goberno Provincial, naqueles casos en que a Presidencia ou quen validamente lle substitúa para o efecto da convocatoria así o aprecie, por concorrer causas que dificulten a súa celebración presencial, e sempre en aras de flexibilizar e facer cumprir o dereito de participación nos asuntos públicos que consagra o artigo 23.2 da Constitución Española. Nestes supostos será necesario que todos os membros da Xunta de Goberno manifesten expresamente a súa conformidade coa celebración da sesión por este medio, e que todos eles se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Nestas reunións será de aplicación o sistema de videoacta regulado no artigo 4 f) do presente regulamento.

Artigo 8.- Normas sobre voto a distancia nos órganos colexiados da Corporación.

Os deputados e deputadas poderán emitir o seu voto a distancia nos supostos e cos requisitos establecidos no presente artigo.

O voto a distancia só procederá nos supostos en que o deputado ou deputada solicitante non poida asistir á sesión do órgano correspondente por atoparse nos supostos de embarazo, permiso de maternidade ou paternidade ou incapacidade temporal establecida na lexislación vixente para os empregados públicos.

Para o exercicio do dereito á emisión do voto a distancia, o deputado/a interesado/a deberá solicitalo por escrito á Presidencia, xustificando as razóns que lle impiden realizar as súas funcións persoalmente. A Presidencia autorizará o exercicio do voto a distancia, e o servizo provincial de administración electrónica proporcionará os medios técnicos axeitados, tendo que dispor o deputado/a solicitante, polo menos, de conexión a internet e do hardware necesario.

Neste suposto, o dereito ao voto realizarase mediante voto ordinario e conexión telemática á sesión. Nesta modalidade, o deputado/a que se atope nalgunha das causas habilitantes que lle impidan acudir presencialmente á sesión pero non asistir a esta mediante medios electrónicos,

poderá conectarse á dita sesión e emitir o seu voto durante o desenvolvemento desta. Esta modalidade esixirá o cumprimento dos restantes requisitos previstos no artigo 7 para as sesións por medios electrónicos (acreditación de identidade e atoparse en territorio español).

Título III. Da Xunta de Portavoces

Artigo 9.- Natureza, composición e funcionamento

1. A Xunta de Portavoces é o órgano de colaboración entre a Presidencia e os portavoces dos grupos políticos da Deputación. A súa natureza é a dun órgano consultivo e deliberante, polo que non poderá adoptar acordos de carácter vinculante. A súa existencia ten carácter preceptivo.

2. A Xunta de Portavoces estará integrada pola Presidencia e o portavoz de cada un dos grupos. A presidencia poderá convocar ás súas reunións aos vicepresidentes ou aos deputados – delegados, cando o considere conveniente, dada a índole dos asuntos para tratar. Os deputados/as non adscritos non formarán parte deste órgano.

3. A Presidencia da Deputación ostentará a da Xunta de Portavoces.

4. A Xunta de Portavoces será convocada con carácter ordinario e obrigatorio cando menos o primeiro día hábil anterior ao da convocatoria de cada Pleno ordinario, agás cando por causas de forza maior non fose posible. Poderá tamén ser convocada con carácter extraordinario pola Presidencia, a iniciativa propia, ou por pedimento de calquera grupo, cando se estime conveniente. A denegación da convocatoria a pedimento dun grupo político deberá ser sempre motivada.

As reunións extraordinarias da Xunta de Portavoces deberán convocarse cunha antelación mínima de vinte e catro horas, agás en casos de urxencia debidamente motivada.

A convocatoria poderá realizarse telefonicamente ou mediante correo electrónico.

5. Correspóndenlle á Xunta de Portavoces as seguintes funcións:

- a) O estudo e debate sobre a inclusión de asuntos na orde do día das sesións ordinarias do Pleno.
- b) Ditaminar sobre temas de especial interese ou transcendencia para a provincia, podéndose emitir un comunicado conxunto ao respecto.
- c) Pronunciarse sobre a representación institucional da Deputación en eventos especiais.
- d) A negociación entre os grupos políticos para a formulación de propostas de acordo conxuntas que haxan de ser sometidas á consideración do Pleno.

e) A deliberación, debate e negociación para a resolución de calquera problema, incidencia ou suxestión relativo ao funcionamento dos grupos políticos, do Pleno e das comisións informativas.

6. Dado o carácter eminentemente deliberante e político da Xunta de Portavoces, para a válida celebración das súas reunións non será precisa a asistencia do funcionario que desempeña a Secretaría Xeral, nin a confección dunha acta dos asuntos tratados. Non obstante, cando se considere conveniente a súa asistencia, para os efectos de dar fe do actuado, ou de prestar asesoramento á Xunta, convocarase á secretaria xeral. Igualmente, poderá requirirse a presenza doutros empregados públicos con funcións de asesoramento aos membros da Xunta.

Título IV. Normas especiais do estatuto dos deputados e deputadas

Artigo 10.- Dos dereitos económicos dos deputados provinciais.

Os dereitos económicos dos deputados provinciais serán obxecto de regulación nas bases de execución dos orzamentos, no marco do establecido na lexislación de réxime local.

Artigo 11. Do dereito de acceso á información.

Os deputados provinciais terán acceso a cantas informacións, documentos e antecedentes obren en poder dos servizos provinciais e dos organismos e entidades dependentes da Deputación Provincial, e á obtención de copias ou á remisión en soporte informático dos arquivos correspondentes, nos termos previstos na lexislación de réxime local, e con respecto, en todo caso, ao disposto na lexislación de protección de datos e aos dereitos de terceiros. A remisión da información farase preferentemente en soporte informático, sempre que sexa posible.

As solicitudes de acceso á información provincial serán tramitadas pola Sección de Transparencia e Información Cidadá, co asesoramento da Secretaría Xeral.

O dereito de acceso á información refírese a datos, informacións ou documentos existentes, e non inclúe, polo tanto, a elaboración de estatísticas, resumos ou informes da documentación posta a disposición dos deputados por parte das unidades administrativas da Deputación, agás nos casos en que a lexislación de réxime local así o estableza. A elaboración de estatísticas, resumos e informes, deberá ser realizada, con carácter xeral, polo persoal adscrito ao servizo dos grupos políticos. Non obstante, nos casos en que o manexo e comprensión da información da que se trate requira de especiais coñecementos técnicos ou xurídicos, así como nos supostos en que a elaboración dos resumos, informacións ou estatísticas esixa o acceso á información suxeita á normativa sobre protección de datos persoais, a elaboración de

estadísticas, resumos ou informes será realizada polas unidades administrativas correspondentes, procurando que se leve a cabo no prazo máis breve posible.

Artigo 12.- Réxime dos deputados non adscritos.

Os deputados non adscritos terán os dereitos que non deriven da pertenza a un grupo político ou respecto dos que a lexislación vixente non esixa a adscrición a un grupo.

Artigo 13.- Da publicidade das declaracións de bens e actividades dos membros da Deputación.

1. As declaracións de bens e intereses dos deputados e deputadas serán obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, nos seguintes termos:

- a) As declaracións de intereses e actividades publicaranse integramente.
- b) As declaracións de bens non se publicarán, publicándose un extracto ou resumo no que se indicará xenericamente o número e tipo de bens declarados (sen indicacións específicas da súa localización, matrícula ou referencia catastral) así como o valor patrimonial neto (unha vez deducidas as cargas reais de que sexan obxecto) determinado conforme coa normativa do imposto sobre o patrimonio ou, no seu defecto, tomando como referencia outras normas fiscais de valoración dos bens e dereitos. Na publicación incluírase tamén a da base imponible declarada nas últimas declaracións do IRPF e do imposto de patrimonio realizada. Nos supostos de declaracións tributarias conxuntas, unicamente se publicará a parte da base imponible que corresponda aos rendementos obtidos polo deputado ou deputada.

2. As declaracións de bens patrimoniais que figuren no rexistro especial ás que se refiren os dous últimos parágrafos do artigo 75.7 da Lei de bases do réxime local non serán obxecto de publicación en ningún caso, publicándose unicamente o valor neto do patrimonio declarado.

3. As declaracións deberán presentarse ao inicio do mandato –como requisito para a toma de posesión–, ao final e cando se modifiquen as circunstancias de feito que nelas se reflicten.

As declaracións de bens patrimoniais actualizaranse anualmente no que atinxe aos datos fiscais no prazo dun mes dende o remate do prazo legal para a presentación das correspondentes declaracións tributarias.

Título V. Normas especiais sobre os grupos políticos

Artigo 14.- Normas aplicables aos grupos políticos provinciais.

1. Seranlles de aplicación aos grupos políticos provinciais as normas establecidas na lexislación de réxime local estatal e autonómica para os grupos políticos.

2. Non obstante o anterior, para a formación de grupo político provincial non se requirirá un número mínimo de deputados, polo que as formacións políticas que só obtivesen un escano poderán constituír grupo político propio coa denominación correspondente á súa formación política. Non poderán formar grupo político os deputados que abandonasen, por calquera motivo, a formación política na que concorreron ás eleccións.

3. Os grupos políticos provinciais terán dereito a unha subvención económica por parte da Deputación, para os seus gastos de funcionamento, á asignación dun local para reunións e oficina e á asignación dunha liña telefónica e conexión a Internet e dun equipamento básico de oficina. O local de reunións e oficina poderá ser usado indistintamente polos membros do grupo e polo persoal adscrito ao referido grupo ou contratado con cargo á subvención percibida.

O réxime das subvencións aos grupos políticos será regulado nas bases de execución dos orzamentos.

4. Os grupos políticos provinciais terán dereito á utilización de locais de titularidade da Deputación Provincial, para reunións con persoal, colectivos ou entidades da provincia. Para tal efecto, deberán solicitarlle á Presidencia o uso do dito local coa suficiente antelación, o cal se autorizará agás nos casos en que os ditos locais deban ser utilizados para o funcionamento dos servizos provinciais.

Disposición final

O presente Regulamento orgánico entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2, en relación co 65.2, da Lei reguladora das bases do réxime local; no seu defecto, entrará en vigor ao día seguinte do transcurso dos ditos prazos.

Segundo: En cumprimento do sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, someter o presente acordo a un trámite de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a inserción de anuncio no BOP e na sede electrónica provincial. No caso de que durante ese prazo non se presentase ningunha reclamación ou suxestión ao acordo, entenderase elevado a definitivo o acordo ata entón provisional

7º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, fai uso da palabra para sinalar que este asunto xa fora aprobado inicialmente por este pleno, e que unha vez recibidas cinco alegacións formuladas, e trasladada a proposta de desestimación á Mesa xeral de negociación, onde obtivo o voto favorable de todas as organizacións sindicais excepto a abstención da CIG, se trae novamente ao pleno, para, segundo se sinala na proposta e no ditame, desestimar e inadmitir estas, e aprobar definitivamente a proposta. A continuación realiza un breve repaso sobre o contido desta modificación puntual da RPT, para rematar pedindo o apoio dos restantes grupos e informa dos traballos que se están a realizar para unha reforma profunda da actual RPT da Deputación, dos cales se dará conta na Mesa Xeral de negociación.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, intervén para manifestar que xa no debate da aprobación inicial se manifestou por este grupo que non estamos ante unha modificación puntual, e podería ter sentido a execución de sentenzas xudicial ou a creación da área de asesoramento a concellos, pero non unha modificación que afecta a todas as áreas da Deputación. Na proposta que se trae se crean novas prazas que van alterar a masa salarial e chama a atención a definición de certos postos cunha especificidade tan grande en canto a titulación, que parecería que están feitos *ad hoc*. Nos informes técnicos que acompañan ao expediente chama a atención que se indique expresamente, respecto ao posto de director/a da nova Área de asesoría xurídica e asistencia a municipios, nivel 30 e a prover por libre designación, que o método de comparación non é necesariamente o máis aconsellable como forma de avaliación, e engade posteriormente que se manteñen os postos do xefe de negociado de responsabilidade patrimonial e de xestión de riscos, a onde será asignado o actual xefe de sección e mantéñense as mesmas características retributivas do posto actual, sendo recomendable unha nova valoración do dito posto. Remata indicando que isto non semella unha modificación puntual da RPT, senón unha modificación de transcendencia, polo que entenden que moitas das cousas que se traen aquí ben poden ir na modificación profunda que se pretende facer da RPT.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, sinala que como se apuntou na comisión informativa, non lles gusta esta proposta, e que se debe abordar unha modificación íntegra da RPT, e non de xeito puntual como se fai agora para tentar colar novos aspectos.

produtos no mercado mundial, na compensación por medio de axudas directas da perda de ingresos experimentada polos agricultores, así como diversas medidas relacionadas cos mecanismos de mercado e a protección do medio ambiente. É dicir, as mensaxes da EU, do goberno do Estado Español e da Xunta de Galiza, centrándose, nos anos 90 e 2000, en advertir ao noso sector produtor que estabamos na época da globalización e que tiñamos que modernizarnos para competir no mercado global (ao mesmo tempo que se asinaban acordos na OMC que obrigaban á EU a importar produtos agrarios sobre todo de USA e Australia). Estas mensaxes viñeron acompañadas de medidas políticas de redución de explotacións gandeiras (cotas de leite) e, por suposto, da baixada dos prezos das producións agrarias, especialmente no sector lácteo e carne de vacún, porque tiñamos que se competitivos. Xa naqueles momentos desde o nacionalismo galego, tanto sindical como político, fixemos a análise correcta do que iso ía traer consigo: desmantelamento dos nosos sectores produtivos, abandono do medio rural e peores condicións económicas para os nosos produtores. “Daqueles polvos, estes lodos”. E agora en 2024, desde o Ministerio de Agricultura e Consellería do Medio Rural, comezan a falar do termo de “preferencia comunitaria” (termo usado polo nacionalismo galego xa en 1992) para situar boa parte dos problemas actuais na importación de produtos agrícola de fóra da UE. E desde 1992 ata hoxe, as sucesivas reformas da PAC (1999, 2003, chequeo médico de 2008, 2013, e xa recentemente a reforma 2023/2027) insistiron nese modelo lesivo para Galiza, coa convivencia política de Partido Popular e PSOE, provocando a expulsión de miles de labregos e labregas do agro da nosa provincia. Acompañemos só algúns datos do sector de vacún de carne de Ourense, para ilustrar estas afirmacións: no ano 2008 había en Galiza 26.363 explotacións de vacún de carne, e 2.259 en Ourense. No ano 2020 quedaban en Galiza 18.879, e só 1.425 en Ourense. En 2024 este censo reduciuse nun 30% máis. A redución deste tipo de explotacións (especialmente as familiares) ronda o 50% en 15 anos. Hai 30 anos o prezo de venda estaba en 800 pesetas (o que equivale a 4,8 €). Hoxe os prezos non superan os 7,5 € de media, pero os custos de produción, especialmente disparados nos últimos 2 anos, aumentaron un 200%. No que fai referencia con outro sector clave para a nosa provincia, o da pataca, que non está afectada directamente pola PAC, ao non estar incluída na OCM, a histórica situación de incerteza de prezos, mantense actualmente. E non só iso, á incerteza de prezos comprega engadirlle a escasa mellora de infraestruturas como regadío, ás innumerables trabas normativas e burocráticas, e ao aumento desmedido dos custos de produción. Anunciou a

Xunta de Galiza a elaboración e posta en marcha dun Plan da Limia, do que nada máis se soubo e que está metido nun caixón da Consellería de Medio Rural. Un plan que debería achegar medidas de apoio á agricultura e gandería da comarca da Limia, e do que só se anuncia a posta en marcha de 4 novos regadíos (que xa estaban proxectados en 2008). NO ano 2022 o grupo provincial do BNG xa traía unha moción na que se reclamaba da Xunta de Galiza diversas medidas relacionadas co citado plan da Limia, e que foron aprobadas por esta Corporación Provincial. Polo exposto, traemos ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos: 1.- Tal e como se acordou no pleno de outubro de 2022, **reclamar** da Xunta de Galiza que a través da Consellería do Medio Rural faga público con carácter inmediato o "Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia" xa rematado en Novembro do ano 2021, e que se implementen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións. 2.- Esixir do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a modificación da Lei da Cadea Alimentar de 2021, de xeito que os prezos pagados ao sector produtor nunca podan estar por baixo dos custes de produción, máis o marxe de beneficio para a explotación agraria. 3.- Esixir da Consellería do Medio Rural a recuperación da fórmula de Contratos Homologados para fixar prezos dignos ao sector produtor, a través das distintas Mesas de Negociación entre sector produtor e empresas elaboradoras, coa mediación da Xunta de Galiza. 4.- Esixir da Consellería do Medio Rural a reforma e adaptación do actual PEPAC ás necesidades do agro galego, con apoio especial as nosas pequenas e medianas explotacións, favorecendo a transformación agraria e os circuitos curtos de comercialización. 5.- Esixir da Consellería do Medio Rural o desenvolvemento e recuperación dos obxectivos do Banco de Terras para a posta en produción de SAU (co obxectivo das 30.000 ha na nosa provincia) para poñelas a disposición das explotacións vitícolas, agrarias e gandeiras de agricultores e non da especulación de fondos de investimento foráneos. 6.- Esixir da Consellería do Medio Rural o apoio decidido á agricultura ecolóxica, comezando por abonar as axudas pendentes a produtores e produtoras de ecolóxico.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, toma a palabra para sinalar que esta si é unha boa moción, e que está todo tan ben dito que xa non sabe que dicir. O triste desta moción, que é realista, é que o único que podemos facer é precisamente “esixir”, xa que non temos competencias nin recursos. Engade que nos derradeiros anos el está vendo como as

súas aldeas e o rural en xeral está esmorecendo, e que os galegos e as galegas estamos abandonando o rural, e que moita culpa a teñen as políticas que veñen desde Bruxelas, e os nosos gobernos en Madrid nunca souberon defender e loitar polos intereses do agro galego.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, fai uso da palabra para indicar que o grupo socialista sempre está disposto a defender e debater en favor desta provincia. Neste senso lembra que nestes foros tense que ver a unanimidade de todos os grupos na defensa do interese de Ourense, e lembra o importante esforzo do Estado para o investimento aprobado para a infraestrutura de regadío na comarca da Limia. Se poden facer moitas cousas e aquí temos que estar unidos e ir da man. Respecto á moción estamos de acordo con case todo o que nela se expón e se pide, e temos que traballar nesa dirección para transformar o noso sector produtivo e darlles todo o apoio que precisan desde as diferentes administracións. O banco de terras púxose en marcha desde o goberno bipartito da Xunta de Galicia e é fundamental para que o sector poida ser competitivo, e lembra como a Xunta de Galicia non fai máis que poñer trabas e falta de acompañamento aos produtores en ecolóxico, xa que non hai incentivos, e os nosos produtores teñen moitas dificultades para entrar nas liñas e canles de distribución, polo que é fundamental instar á Xunta de Galicia neste sentido. Outro exemplo son os comedores escolares onde os menús, a pesar de ter unha dietista, fanse a base de alimentos procesados e procedentes en moitos casos de fóra de Galicia. A Xunta de Galicia debe facer unha aposta real, ser ambiciosa e implementar recursos económicos na defensa deste sector.

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, reitera o apoio do seu grupo a este sector. Engade que o seu grupo se vai abster na votación, xa que o grupo proponente non permite a votación por puntos, e eles están a favor dalgúns dos puntos da moción pero non doutros. Sinala que a Xunta de Galicia está a facer unha aposta seria e decidida e xa reclamou a moratoria inmediata da normativa da UE e a introdución das denominadas cláusulas espello. Por outra banda a Xunta reclamou ao Goberno central a inmediata modificación da Lei da cadea alimentaria, por ser de competencia estatal. Respecto ao plan estratéxico do sector agrario da Limia, está rematado pero sendo modificado, e lembra que foi a Xunta a que instou ao Goberno central sobre a importancia deste investimento nesta infraestrutura tan demandada. A competencia principal nesta materia é do goberno central, que está totalmente de perfil nesta crise, polo que indica que esta moción tamén se debería

dirixir ao Goberno central. Remata indicando que é fundamental escoitar ao sector e traballar nun documento común para defender os intereses do sector.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza sinalando que boa parte das competencias en materia de medio rural están transferencias á nosa Comunidade Autónoma, e matiza que dentro da propia Xunta moitas veces non hai coordinación e incluso hai contradicións entre a Consellería de Medio Ambiente e a de Medio Rural. Hai exemplos moi significativos, como pode ser que no informe do Consello de Contas do ano 2021 sobre a execución de fondos europeos, se recolle que a Consellería de Medio Rural dispuxo nese ano de 262 millóns de euros, o importe das obrigas recoñecidas a final de ano eran do 58 % desa cantidade, e os pagos efectuados do 45 %, deixándose sen executar 110 millóns de euros. A cuestión parece que non é que falten fondos, senón que se deixan marchar. Outro exemplo é o das axudas agroecolóxicas, onde despois de dicirlle a xente que se metera neste sector porque era o futuro, o 55 % das axudas solicitadas quedaron denegadas, e a Xunta de Galicia non tivo de onde sacar para financiar esa cantidade e deixou esas axudas sen pagar, e de todo isto non podemos botarlle a culpa ao Estado. Lembra que nas medidas de elixibilidade quedou como gasto non elixible o pasto arbustivo, e outras CCAA negociaron a súa inclusión, e Galicia non o fixo, e isto afecta ao noso agro, polo que aquí non se pode optar a estas axudas pero noutras CCAA si. Cada administración ten a súa responsabilidade, e se lle debe reclamar tanto ao Estado como á Xunta de Galicia, xa que os gandeiros e agricultores o que desexarían é vivir do que producen, e non das axudas da PAC.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que os principais responsables da situación están en Bruxelas, e logo está o Estado, e en menor medida, a Xunta de Galicia. Engade que vai votar a favor desta moción que reclama os dereitos que hoxe en día non teñen eles.

2ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, na que comeza aclarando que os principais responsables son os que calan, por iso o seu grupo quere debater e tratar estes asuntos. Respecto ao investimento aprobado para o regadío da Limia indica que se conseguiu grazas á insistencia nas súas demandas do colectivo de regantes e o apoio total do concello de Xinzo no seu momento, e que se financia integramente polo Goberno Central. Nesta casa temos que estar todos para chegar a acordos fóra do partidismo, e se debe reclamar ante todas as AAPP se é preciso, para defender a Ourense. Durante o ano 2023 o Goberno

central aprobou axudas directas para os traballadores do sector primario afectados pola seca e débese valorar. Lembra que estamos ante un sector clave para a nosa provincia e en Galicia débese apostar pola produción ecolóxica sen ningunha dúbida para posicionar os nosos produtos no mercado.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que sinala que o Goberno Central só envía o 1,5 % da partida que ten prevista para regadío, e grazas ao apoio e as reclamacións dos regantes e da Xunta de Galicia. Lembra que a Xunta ten feitos moitos investimentos no territorio, moitos máis que o Estado, que ademais conta con fondos Next Generation, nos que todo son trabas e burocracia. Insiste en pedirlle ao BNG que reclame pola provincia ante o Goberno central, lembrando que este partido apoiou a investidura do actual presidente.

Quenda de peche de Bernardo Varela López, do BNG, na que sinala que as verbas ás veces si que importan, e lembra que a maior achega da Consellería de Medio Rural foi chamarlles oficinas rurais ás antigas oficinas de extensión agraria. Iso o que fai e afastar totalmente aos que asesoraban e axudaban, e ese non é o traballo que debe ter a Consellería de Medio Rural, que entorpece o traballo dos labregos e labregas. Quen aprobou a actual PAC a nivel europeo pertence ao Partido Popular Europeo, polo que igual é o PP o que ten que reclamar en Bruxelas.

Intervención do Sr. presidente, para indicar que non van deixar en mans de ningún as reivindicacións dos sectores agrario e gandeiro. Desde o primeiro momento reunímonos con todo aquel que o pediu, como tamén fixo o propio conselleiro, e non votamos a favor porque non se admitiu a votación por puntos e non se inclúen peticións ao Goberno central, que é o principal responsable da situación. Lembra que o BNG, co acordo de investidura, non logrou ningún beneficio para o sector agrogandeiro galego.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do BNG (3) do Grupo Socialista (7) e de DO (2) e a abstención do Grupo Popular (12), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- Tal e como se acordou no pleno de outubro de 2022, **reclamar** da Xunta de Galiza que a través da Consellería do Medio Rural faga público con carácter inmediato o "Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia" xa rematado en Novembro do ano 2021, e que se implementen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións.
- 2.- Esixir do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a modificación da Lei da Cadea Alimentar de 2021, de xeito que os prezos pagados ao sector produtor nunca podan estar por baixo dos custes de produción, máis o marxe de beneficio para a explotación agraria.
- 3.- Esixir da Consellería do Medio Rural a recuperación da fórmula de Contratos Homologados para fixar prezos dignos ao sector produtor, a través das distintas Mesas de Negociación entre sector produtor e empresas elaboradoras, coa mediación da Xunta de Galiza.
- 4.- Esixir da Consellería do Medio Rural a reforma e adaptación do actual PEPAC ás necesidades do agro galego, con apoio especial as nosas pequenas e medianas explotacións, favorecendo a transformación agraria e os circuitos curtos de comercialización.
- 5.- Esixir da Consellería do Medio Rural o desenvolvemento e recuperación dos obxectivos do Banco de Terras para a posta en produción de SAU (co obxectivo das 30.000 ha na nosa provincia) para poñelas a disposición das explotacións vitícolas, agrarias e gandeiras de agricultores e non da especulación de fondos de investimento foráneos.
- 6.- Esixir da Consellería do Medio Rural o apoio decidido á agricultura ecolóxica, comezando por abonar as axudas pendentes a produtores e produtoras de ecolóxico.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA AO PROXECTO DE REGADÍO NA COMARCA DA LIMIA, OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que expón que a comarca da Limia é unha potencia agropecuaria da nosa comunidade, polo que a modernización do seu regadío vai máis aló da necesidade inquebrantable da sustentabilidade da actividade levada a cabo alí. A súa adecuación ao futuro do sector primario debe estar

enmarcada nunha pretensión de potenciar tanto o desenvolvemento socioeconómico da zona como o sector agrario dos concellos que a conforman. O compromiso adquirido polo Goberno galego permitiu dar continuidade a aposta a prol da optimización do regadío da comarca da Limia e, en particular, de catro comunidades de regantes –San Salvador de Sabucedo, Lamas-Ganade, Corno do Monte e Alta Limia–, principais beneficiarias da construción de 40 pozos para a captación de augas subterráneas (falamos de 2.576 hectáreas que beneficiarán a 1.822 agricultores) e da instalación do sistema de bombeo, próximo á súa finalización. Estas actuacións supuxeron un investimento de 7 millóns de euros de fondos autonómicos e grazas a ditas actuacións este proxecto pode continuar co seu desenvolvemento. Ao mesmo tempo, foi o Goberno galego o que negociou a inclusión do proxecto no programa nacional de modernización do regadío 2021-2027, que segundo datos de Ministerio de Agricultura, conta cun investimento global superior aos 2.340 millóns de euros e pretende actuar en arredor de 700.000 hectáreas. Desta cantidade, o que se destina ao proxecto da Limia, 35 millóns de euros, so representa un 1,5%. No convenio firmado coa comunidade de regantes o goberno central asume o financiamento do 80% do investimento, 28 millóns de euros, e os regantes asumen o 20% restante, 7 millóns, ademais da totalidade do IVE da actuación que non ten carácter deducible. E dicir, os regantes soportan o 41% do coste total. Esta Deputación Provincial está e estará ao carón dos nosos produtores e regantes e por iso reivindicamos melloras que redunden no beneficio dos produtores desta comarca solicitando ao Goberno central un esforzo adicional que se traduza en novos investimentos para a mellora do regadío e que isto non supoña sobrecustos para os nosos veciños que se podan evitar. Valoramos moi positivamente o esforzo orzamentario que se está a facer na Comarca da Limia por parte do Ministerio de Agricultura, pero pretendemos un compromiso adicional respecto de asumir a financiación do 80% do IVE, ou que se promova un cambio normativo para que non se repercuta o IVE ós regantes. Ao tempo propoñemos que se revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento, o que suporá uns sobrecustos financeiros de preto de 2 millóns de euros. En adición, demandamos tamén a Xunta de Galicia que se sume ao esforzo adicional que esta Deputación de Ourense fará para colaborar en apoio aos regantes, conseguindo así entre as dúas administracións o pagamento do 20% do IVE da actuación. Para estes efectos, desde o Grupo Provincial do Partido Popular, cremos que este esforzo adicional por parte das Administracións públicas posibilitarán unha agricultura máis sostible e respectuosa co medio

ambiente ao tempo que mellorarán a calidade de vida dos agricultores. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes **ACORDOS: 1º.** Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio lexislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e no caso de que este non fora posible, asumir a financiación do 80% de dito IVE. **2º.** Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento. **3º.** Instar a Xunta de Galicia a que asuma a súa parte da financiación do 20% do IVE da actuación, no caso de que non se acade o cambio lexislativo que permita a súa non repercusión.

1ª intervención de Antonio Fernández Martín, de DO, na que sinala que desde DO están a favor de dotar aos agricultores das mellores infraestruturas de regadío nesa comarca da Limia, investimentos que foron anunciados en moitas ocasións, pero non sendo en moitas delas materializados. Engade que o Goberno Central, dun investimento total de máis de dous mil trescentos millóns de euros, dedica á comarca da Limia trinta e cinco millóns, o 1,5 % do total o que denota o escaso interese do Goberno central con esta comarca na que unha parte importante dos postos de traballo están no sector primario que depende desta infraestrutura. Ademais deses 35 millóns de euros, o 20 % o teñen que achegar os propios agricultores, o que supón 7 millóns trescentos cincuenta mil euros. Ademais o Goberno central failles aboar aos agricultores os gastos vinculados aos avais previos obrigatorios para poder adherirse ao convenio o que suporá uns custos calculados duns dous millóns de euros. Con todo isto queremos dicir que non se pode seguir enganado aos agricultores, con promesas falsas e terxiversadas. Remata a súa intervención anunciando o voto favorable do seu grupo a esta moción.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, comeza indicando que xa que estamos a falar nesta moción de auga, que “ollo” cos transvases. En Galicia temos auga, que é un ben moi escaso e moi prezado noutras partes do Estado español, e agardemos que as políticas desde o goberno central non vaian na liña de potenciar estes transvases, lembrando que foi con gobernos do PP do Estado onde se fixeron os transvases ata o de agora aprobados. En canto a esta moción considera interesante aclarar que os labregos da comarca da Limia sempre tiveron que asumir unha responsabilidade moi complicada para poder regar, xa que desde as diferentes AAPP non se acometeron obras ou investimentos tan necesarias para o

sector primario desta comarca. Insiste en que a posta en marcha de regadíos é unha medida favorable ao medio ambiente, xa que non esquilma recursos, e un bo plan de regadío xestiona correctamente os recursos hídricos. A importancia do regadío é clave para esta comarca, e lembra que no ano 1997 os técnicos desta Deputación Provincial xa fixeran un plan de represas, que partía dun criterio técnico fundamental, que é o carácter areoso das terras, que fai que cando chove rapidamente se anega, pero cando non chove rapidamente se filtran as augas, polo que o obxectivo daquel plan de represas era o de subir a capa freática, que ao final é o que fai falta. E dese plan de represas non se fixo nada, sendo a última infraestrutura de regadío inaugurada na comarca no ano 2007, sendo conselleiro Suárez Canal e ministra Elena Espinosa, e desde aquela data non se fixo ningunha mellora no regadío desta comarca, incluídos os gobernos de Mariano Rajoy en Madrid que coincidiron no tempo cos gobernos do PP na Xunta de Galicia. Así, existe un documento do ano 2008 do entón conselleiro do BNG no que se trasladaba ao goberno central as necesidades de investimentos en infraestruturas de regadío na comarca da Limia, e sobre isto e sobre o que se vai traballar agora. A continuación explica que a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, investiu en infraestruturas nos derradeiros anos en practicamente todos os lugares do territorio do Estado español agás en Galicia, é dicir, nin un só euro no noso país. Non nos debemos conformar con esta obra de regadío, xa que debemos esixir máis a favor da comarca agraria máis importante do país.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, comeza indicando que vaia por diante o total apoio ao sector agrogandeiro que estes días está a manifestarse polas súas reivindicacións. Explica que se deben buscar solucións, pero non facer populismo. Engade que esta mesma moción foi presentada polo grupo do PP no concello de Xinzo da Limia, pero que foi retirada porque sabían que lles faltaban votos para aprobala. A inclusión do proxecto do regadío da Limia arrancou desde o ano 2008 e foi tido en conta polas demandas do bipartito da Xunta de Galicia, e foron os gobernos socialistas os que puxeron fondos para estas infraestruturas, e como non se fixo nada durante os gobernos do PP en Madrid. Respecto ao contido da moción, o primeiro punto das propostas de acordo pide instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio lexislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e no caso de que este non fora posible, asumir o financiamento do 80% do dito IVE. Sobre isto sinala que a modificación lexislativa require

dunha longa tramitación parlamentaria, e que SEIASA xa fixo unha consulta vinculante á Dirección Xeral de Tributos (núm. V0034-22) que ten unha resposta na que se conclúe que se trata dunha operación suxeita ao IVE, polo que a consultante deberá repercutir ás comunidades de regantes na súa factura o IVE correspondente á base imponible. É por isto que esta medida non pode ser, e o que se asina entre as partes nos diferentes convenios do PRTR e do anterior FEADER é o mesmo nos diferentes territorios do Estado. Lembra que o investimento aprobado é o terceiro de maior importe de todos os do Estado, e que as obras deben comezar xa neste mes de abril, polo que o grupo do PP debera deixar de confundir aos regantes, e agradecer que teñamos fondos europeos para esta importante infraestrutura. O IVE é un imposto non deducible para as comunidades de regantes, e así quedou moi claro nesa consulta, e as declaracións do conselleiro, en plena campaña electoral, non fan máis que confundir.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que comeza explicando que o presidente da Comunidade de Regantes se dirixiu á SEISA e ao propio Ministerio, e que a resposta destes foi ningunha. O mesmo se fixo co candidato do PS de G-PSOE á Presidencia da Xunta, o Sr. Besteiro, e saben cal foi a resposta, pois tamén ningunha. Non hai vontade, e estes fondos veñen porque hai moitas presións. Non hai moito se fixo o regadío da Lagoa de Antela, e ese se fixo ao cento por cento, polo que non entende porque este non. Lembra que o actual goberno modifica as leis que lle fan falta para os seus intereses, pero aquí amosa nula vontade política para facelo. Así lembra como hai poucos meses se fixeron cambios no IVE de determinados produtos, e que se esta petición viñese de Cataluña xa estaría arranxada, porque para eses si se traballa e o Goberno fai as modificacións que precise por manter os seus sete votos. Hai unha falta real de compromiso por parte do Goberno Central coa provincia de Ourense, como amosan os orzamentos do Estado ano tras ano.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que el entrara co convencemento de que se ía facer esta infraestrutura de regadío na comarca da Limia, pero que agora xa o dubida trala intervención da voceira do PP que só amosa dúbidas. Indica que eles van apoiar esta moción do grupo popular, aínda que isto chega bastante tarde. Lembra que existen actuacións aínda pendentes e que deben igualmente reivindicarse, non nos debemos quedar no plan de regadío e debemos de ir a moito máis. Debemos solicitar a

transferencia das competencias da CH á Xunta de Galicia, e esta é unha cuestión transcendente non só para esta comarca senón para todo o país.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, diríxese á voceira do PP para indicarlle que os feitos son que os gobernos socialistas poñen fondos para esta infraestrutura e os gobernos do PP non puxeron nada, aínda máis, os retiraron. Respecto ao segundo punto da moción, relativo aos avais, sinala que esta cuestión é coñecida tanto polos regantes como pola Xunta desde o inicio, polo que non parece de recibo vir agora con estas dúbidas, cando a obra ten previsto iniciar a súa execución en abril de 2024, polo medio propio do Estado TRAGSA. Non parece serio asinar acordos e logo pedir que se muden. Se o Ministerio non recada o IVE, o Goberno deixaría de executar regadíos en 117.600 hectáreas en todo o territorio. Claro que pode ser a Xunta de Galicia a que avale aos regantes, como se fai noutras CCAA, ou implementar liñas de axudas específicas, como fai por exemplo a CA de Castela e León. Merecerá a pena o esforzo para executar esta infraestrutura fundamental para a comarca da Limia, estando todos de acordo en que sexa o menos gravoso para os regantes, podendo ser a propia Xunta ou esta Deputación a que asuman parte ou todo o gasto que estes deben asumir. Polo tanto, non estamos en contra da moción, pero queremos engadir unha emenda de adición *in voce* co seguinte texto: 3.- *Instar á Xunta de Galicia a que financie o aval que deben poñer os regantes ao inicio das obras como fan noutras CCAA.* 4.- *Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Ourense a que asuman o financiamento do montante do IVE da obra de regadío nunha porcentaxe do 80 e 20 por cento para cada unha das dúas administracións.*

Quenda de peche de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que sinala que vostede fala de populismo, pero non hai maior do que fai o grupo socialista e o partido socialista. As súas emendas son para incluír á Xunta e á Deputación, pero nada para o Estado, e todo isto facendo desde o Estado unha nefasta xestión dos fondos europeos. Engade que os regantes seguro que están a favor desta moción do grupo do PP.

Intervención do Sr. presidente para deixar claro que parece estraño que non se poida modificar a lei do IVE, pero si o Código penal ou a Constitución, e outras leis. O requirimento do aval non ten moito sentido desde o momento en que é a propia Administración a que promove a obra, e lembra que queda perfectamente claro que a moción pretende que os regantes non teñan que asumir o IVE nin incorrer en gastos financeiros.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio lexislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e no caso de que este non fora posible, asumir a financiación do 80% de dito IVE.

2º. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento.

3º. Instar a Xunta de Galicia a que asuma a súa parte da financiación do 20% do IVE da actuación, no caso de que non se acade o cambio lexislativo que permita a súa non repercusión.

12º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

13º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, No pleno do mes de setembro de 2023 presentamos por escrito o rogo seguinte: Que por parte da Deputación Provincial, como titular da estrada OU-1112, se estude e se implante a solución máis efectiva para evitar riscos na seguridade viaria, tanto para os peóns como para os vehículos, mediante a colocación de bandas redutoras, paso de peóns elevado, e a prolongación de beirarrúa na marxe esquerda ata o cemiterio. O Sr. presidente contestou que: “xa trasladaron esa petición e están pendentes do informe correspondente. Pasaron 5 meses e nada sabemos do referido informe, nin da

solución para evitar os riscos na seguridade viaria na estrada OU-1112 no núcleo de Parada de Ribeira, do Concello de Xinzo de Limia. ¿Esta elaborado o informe por parte do servizo correspondente? ¿Ten contemplada esta Deputación algunha actuación das solicitadas no rogo para solucionar os problemas de seguridade viaria no mencionado núcleo de Parada de Ribeira?

O Sr. presidente responde que lle remitirá o informe elaborado pola directora da Área de Infraestruturas en relación coa dita estrada e no que se conclúe que non existen datos obxectivos que proven que exista outro risco na calzada que o de atopar un xabarín, fronte o que, pese a ter unha probabilidade moi baixa de suceso, a Deputación de Ourense adoptou todas as medidas posibles para a súa mitigación. Queda probado que existen medidas na travesía para garantir a convivencia de peóns e vehículos e tamén que estas medidas teñen garantido, ata a data actual, a seguridade viaria no treito, no que non se rexistra ningún accidente nos derradeiros cinco anos que teña como causa a deficiente convivencia dos distintos usuarios da estrada. Por elo non semella preciso adoptar ningunha outra medida pola causa sinalada “evitar riscos na seguridade viaria”. Para garantir a accesibilidade peonil por unha infraestrutura separada da calzada dende o núcleo rural ao cemiterio poderíase prolongar a infraestrutura da marxe dereita e habilitar un novo cruce de peóns na OU-1112 fronte o cemiterio (130 m aproximadamente) ou habilitar unha senda peonil entre o p.q.3+390 e o cemiterio (160 m aproximadamente) pola marxe esquerda. En ambos casos teríase que habilitar crédito para a execución.

Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista. Co voto favorable de Partido Popular (PP), Democracia Ourensana (DO) e unha deputada non adscrita, na sesión plenaria da Deputación de Ourense do mes de decembro de 2021 resultou aprobado o “cambio do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos urbanos (RSU)” que presta a institución provincial. Sancionábase así a privatización dun servizo do que dependen 74 concellos, é dicir, un 80% dos municipios ourensáns, onde viven máis de 200.000 veciñas e veciños. Diante disto, e xa iniciada unha nova lexislatura, no Pleno da Deputación de Ourense celebrado o 22 de decembro de 2023 foi debatida, e votada, unha moción do Grupo Provincial Socialista para instar ao goberno do PP na institución a desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a institución presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, que garanta unha prestacións suficientes e

eficientes. Na súa intervención final, antes do voto, o Sr. presidente sinalou que “non é o mesmo a xestión indirecta ou externalización, que pasar o servizo ao sector privado”, afirmando que esta última hipótese, a da privatización, “nunca se formulou nesta Deputación”. Deste xeito, o Sr. presidente insistía que “non se vai avanzar na xestión indirecta” do servizo de recollida de lixo, sendo a devandita moción aprobada en último termo co voto favorable dos grupos Popular, Socialista e Nacionalista Galego, e coa abstención de DO. Porén, na edición ourensá de La Voz de Galicia do 20 de febreiro de 2024 pódese ler como “La Diputación pide dos meses para aclarar si privatizará el servicio de recogida de basura”. No artigo lémbrese como, malia que a Deputación de Ourense baixo a presidencia de José Manuel Baltar, iniciara os trámites para externalizar o servizo, o presidente Luís Menor manifestou a súa intención de manter a prestación de forma directa, se ben aínda non se ten materializado esta opción. Á luz desta inquietante información, podería o grupo de goberno precisar ¿en que punto da privatización, ou non, se atopa a Deputación de Ourense no momento actual? ¿A que debemos aternos e cal é a intención final da corporación do PP? ¿Mantense a folla de ruta que o Sr. Baltar tiña no seu momento ou, tal e como subliñou hai apenas un par de meses o presidente Menor? ¿vaise garantir a prestación directa do servizo de recollida de lixo que presta a Deputación de Ourense?

O Sr. presidente responde que lle remitirá o informe elaborado pola Área de Medio Ambiente No que consta que Esta Área de Medio Ambiente ten instrucións de traballar, paralelamente a prestación directa do servizo, por en marcha as accións necesarias para, consensuadamente cos distintos actores, deseñar un servizo provincial de xestión de residuos consonte ás novas esixencias normativas, e ao mesmo tempo procurar mellorar o servizo á cidadanía. Esta Área de Medio Ambiente non ten instrucións de traballar na redacción de pregos de cláusulas administrativas nin de prescricións técnicas que puideran servir para abrir un procedemento de licitación que materializase a xestión indirecta. Soamente as de explorar fórmulas de optimización dos actuais recursos e medios, que permitan mellorar a prestación do servizo, e iso inclúe a posible realización de contratos de servizo (non de concesión de servizos) para a prestación material de determinadas actividades complementarias. A información publicada na Voz de Galicia, e á que fai referencia a exposición de motivos da pregunta formulada, refírese ao escrito presentado pola DPOU en sede xudicial mencionado no antecedente 6 deste informe.

No dito escrito aclárase que o manifestado no Pleno de decembro de 2023 pola Presidencia da DPOU é unha declaración de intencións e que é preciso concretar nunha nova resolución do Pleno (acordada na parte executiva e non como unha moción) que deixe sen efecto o acordo executivo do Pleno de decembro de 2021. A fin de obter tempo para poder tramitar o correspondente expediente, solicítase a suspensión do procedemento administrativo durante o prazo establecido no artigo 19.4 da LEC (60 días).

Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista. A Deputación de Ourense resolveu contratar a edición dunha biografía do escritor e político Eugenio Montes, figura sobranceira do fascismo español. A Deputación vai destinar un monto de 11.190,64 euros do erario público para a publicación de Eugenio Montes, o intelectual silenciado, unha haxiografía arredor dun importante e temperá apoloxista do fascismo español, con gran impacto no pensamento antidemocrático da España do primeiro terzo do século XX, nomeadamente durante a década de 1930. Montes é considerado un dos fundadores da Falanxe Española, tendo realizado varias viaxes á Italia fascista e á Alemaña nazi para coñecer o funcionamento dos seus sistemas propagandísticos, non agochando nunca a súa admiración por Hitler. A Fundación Francisco Franco ten unha páxina dedicada a enxalzar a figura de Montes na súa condición de referente teórico do fascismo español, contribuíndo as súas crónicas e escritos a estender a ideoloxía antidemocrática entre partidarios do golpe á II República. Entre perfís cualificados e expertos a conclusión é clara: ao contrario que Cunqueiro ou Risco, Montes non fixo unha viaxe de ida e volta, considerado un fascista asumido e ideólogo orgánico da Falanxe española. E, desde logo, Montes non foi un “intelectual silenciado”, nin moito menos! Non hai máis que comprobar a cantidade de artigos publicados, homenaxes recibidas, honras e condecoracións recibidas antes do seu pasamento, en 1982. 1. No 2002, a Xunta de Galicia editou un traballo sobre a dimensión literaria da personaxe baixo o título Antología de la obra de Eugenio Montes, circunscribindo a escolma en galego e castelán a pezas non políticas nin marcadamente reaccionarias. ¿Sobre que bases resolveu a Deputación de Ourense destinar 11.190,64 euros á elaboración e edición dunha obra para claramente enxalzar a figura dun recoñecido fascista como Eugenio Montes, facendo apoloxía da dimensión política da personaxe? 2. ¿Sobre que bases se chegou á conclusión que o autor da obra subvencionada pola Deputación de Ourense, Manuel Rivero, é quen de asumir unha obra tan “delicada”? ¿Ninguén, en ningún momento, pensou en contratar a alguén cun perfil experto para elaborar unha biografía crítica de Eugenio Montes, como si se fixo, por exemplo, cando se contou co

concurso de Miguel Cabo na edición de A vida desmedida de Basilio Álvarez? 3. ¿Existe algún informe previo á adxudicación da subvención que garanta que a publicación desta obra non entra en franca contradición coas disposicións da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de memoria democrática, nomeadamente no que atinxe ao feito que as administracións públicas en ningún caso poderán outorgar subvencións que teñan por obxecto a realización dunha actividade cuxa finalidade atente, alente ou tolere prácticas consideradas como infraccións pola devandita Lei?

O Sr. presidente responde que lle remitirá o informe elaborado pola xefa da Sección de Arquivo e Publicacións, que en síntese di que a afirmación que se fai é inexacta, pois a Deputación non tomou a decisión de contratar unha biografía de Eugenio Montes e menos tratar ao personaxe como un santo. A obra que se está a editar non é unha biografía de Montes, senón un epistolario entre Montes e diferentes personaxes intelectuais (Eduardo Blanco Amor, Faustino Santalices, Augusto Assía, Filgueira Valverde). A obra non foi contratada directamente a Manuel Rivero pola Deputación, como se afirma na segunda pregunta, e non vai ser publicada mediante unha subvención, como se indica na pregunta terceira. A Deputación aprobou unha ordenanza de publicacións (BOP n.º 265, do 19 de novembro de 2013) que regula o funcionamento do servizo de Publicacións, segundo a que a institución pode editar obras de xeito directo ou mediante concorrência competitiva. No caso da obra de Basilio Álvarez, mencionada na segunda pregunta, a decisión de editar esa publicación foi directa da Presidencia, dentro das obras que se poden publicar con carácter conmemorativo.

María Xosé Mangana Guede, do BNG. Hoxe, día 23 de febreiro de 2024, celébrase o Día de Rosalía de Castro, xa que se considera a data real do seu nacemento en 1837, tal como asume a secretaria Xeral de Política Lingüística. ¿Ten previsto algún acto a Deputación Provincial ao respecto (ao igual que fan outras deputacións e concellos)?

O Sr. presidente responde que non hai ningún acto propio, pero si participan nos actos de honra que faga calquera outra institución.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, di que lles gustaría que futuro se tivera en conta este día. A continuación formula a seguinte pregunta ¿Ten previsto convocar a Deputación a Comisión de Patrimonio?

O Sr. presidente responde que se convocará para a segunda semana de marzo.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, con respecto ao programa Esquiou, pregunta se ten coñecemento a Deputación Provincial dalgún tipo de incidencia no programa Esquiou? En caso afirmativo, que clase de incidencia e como se resolveu.

O Sr. presidente responde que segundo informan desde a Área de Deportes, que se detectou algún erro co enlace da páxina web e algún erro coa entrada de solicitudes. En todo caso sempre se tratou cos solicitantes para corrixir os erros detectados. Desde a Área de Deportes xa está traballando para a convocatoria deste programa cara o vindeiro ano para evitar estes erros.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, pregunta se quedaron nenos pendentes de entrar no programa.

O Sr. presidente entende que non, polo menos os que se dirixiron á Deputación.

Bernardo Varela López, do BNG. No Concello de Bande, concretamente na parroquia de Nigueiroá, logo do arranxo da OU-1201, desde a asociación de veciños levan tempo reclamando as seguintes melloras, polo que o grupo provincial do BNG traslada os seguintes rogos: a. Colocación de bandas antivelocidade fixas na estrada de Bande a Muíños, na súa travesía de Nigueiroá, e non as colocadas recentemente de plástico, por ser ineficaces. b.- Seguen á espera das beirarrúas que suprimiron co ensanche da estrada, no mesmo lugar, tal e como afirman ter negociado no seu momento para non ir á expropiación.

Bernardo Varela López, do BNG. Os habitantes dos núcleos sitos a ambos lados da estrada provincial OU-0108 sofren continuos incidentes relacionados co tráfico desta vía. As vivendas están situadas a pé de estrada, sen beirarrúas, dificultando o desprazamento dunhas vivendas a outras. En concreto no Viñal (Baños de Molgas), un neno e unha nena que curas ESO precisan desprazarse uns 800 metros pola vía, sen beirarrúas e apenas beiravía, desde os seus domicilios ata a parada do autobús; ou veciños/as que teñen a saída da súa casa practicamente na vía, con escasa visibilidade e apeas espazo para camiñar. Outro inconveniente, parello ao anterior, é a falta de sistemas que minoren a velocidade de vehículos que non respectan os límites de velocidade nas rectas desta estrada, que en moitos caos coinciden con núcleos de vivendas.. Rogos: construción de beirarrúas, polo menos onde a situación das vivendas estea ao límite da estrada e tramos de paradas de autobús. Colocación de elementos que obriguen á redución de velocidade (bandas antivelocidade rugosas) dos automóbiles que circulan a moita velocidade nas grandes rectas da estrada OU-0108.

O Sr. presidente di que esta situación xa lle foi trasladada polo Concello e toma nota do rogo, aínda que se os servizos técnicos informan que non hai problemas de seguridade viaria.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, en relación coa estrada de San Agostiño, di que a obra segue parada, concretamente en Viana do Bolo, levamos máis de cinco anos coa estrada pendente de rematar, pregunta se xa hai prazos, previsións, ou cal é o futuro do final desa estrada.

O Sr. presidente contesta que está pendente de que a empresa remate as obras, non é unha cuestión política. A empresa ten a orde de rematar a estrada canto antes.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, en relación coa estrada OU-0808, que une a OU-622 que lle pertence á Xunta de Galicia coa Vila do Castro, pasa por un núcleo que se chama Vilanova. Neste núcleo está bastante deteriorada, hai moitas fochancas. Esta obra xa foi obxecto dun proxecto inicial, e houbo un problema coa empresa que a ía executar e ao final non se executou. Pregunta se hai algunha previsión de retomar ese proxecto. Para finalizar, respecto á estación de Manzaneda, di que as webcam están fóra de servizo. Cre que damos mala imaxe. Unha das wbcam é de Radio Televisión de Galicia, e as outras tres eran da propia estación. Roga que se poñan en marcha para dar unha imaxe máis adecuada da instalación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/tqjOqCkemCTFnGjFzjH7DNAvqu0W239RRrDN9NfDzoGLfgnm.wmv>

SHA512 - b66d4fefcd11ca7d0837e5aaefc2b64c33829eddd2f6f57b3b30380793f0f61dc77cd2cc66a38e3148adc2b9a8bee9e08d1f1518f7e50ff192d8d64653925fc8

E, ás 13.35 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

